



O operador galego revalida o seu respaldo ao deporte da comunidade e ao club ourensán que xoga na categoría LEB “Prata” do baloncesto español

R renova o seu patrocinio co Club Ourense de Baloncesto para a tempada 2021-2022

- ***R patrocinará o Club Baloncesto Ourense (COB) ata o peche da presente tempada, incluíndo partidos de play-off tras os encontros ordinarios da liga LEB ‘Prata’.***
- ***Camilo Álvarez, Presidente do COB, manifestou que, “é un orgullo poder contar cunha compañía como R ao noso lado mantendo o seu apoio e compromiso co proxecto xa que, para nós, tras todos estes anos, xa son un membro máis da familia COBista.”***
- ***Para Alfredo Ramos, Director de R, “é esencial seguir apoiando o deporte galego, e en R mantemos o noso compromiso co COB porque cremos neste grande equipo que tantas alegrías lle deu á súa afección dende hai máis de catro décadas”.***
- ***A imaxe de marca de R incluírase na cartelaría, web, redes sociais e outros soportes do club, ademais de estar presente nos paneis dixitais das canchas en todos os partidos do COB na LEB ‘Prata’.***

Mércores, 9 de febreiro de 2022.- R volve patrocinar o Club Baloncesto Ourense, desta vez durante a tempada da categoría LEB ‘Prata’ 2021-22 do baloncesto español. O acordo que acaban de asinar a entidade deportiva ourensá e o operador de telecomunicacións galego inclúe todos os partidos da liga LEB “Prata” onde xoga o equipo e tamén os encontros eliminatorios (*play-off*) que sentencian os ascensos e descensos de categoría na competición de básquet.

O compromiso de R ao longo dos anos coas principais modalidades do deporte galego concrétase esta vez no respaldo ao Club Ourense de Baloncesto. O operador galego renova a súa colaboración co COB para seguir dinamizando este deporte no territorio, avala o traballo do club e axudalo a afrontar a presente tempada con ilusión e moitas ganas.

O Presidente do COB, Camilo Álvarez, incidiu en que “co seu apoio, tentaremos cumprir o obxectivo principal desta tempada, que non é outro que regresar á LEB Ouro, para levar o club e unha marca como R ás cotas máis altas do baloncesto nacional.”

Alfredo Ramos destacou o traballo do club de baloncesto ourensán dende a súa fundación hai xa máis de 40 anos. O Director de **R** expresou a súa *“satisfacción por esta oportunidade de aliarse, outra vez, cun equipo que pode aspirar de novo a situarse no máis alto do baloncesto español, como demostrou en numerosas ocasións durante a súa andaina (...) E, como sempre reitero cando acompañamos algún equipo da nosa terra -engadiu Ramos-, estamos co COB para traballar polos éxitos deportivos mais, especialmente, polos vinculados a valores que falan de deportividade, de compañeirismo e de esforzo compartido; eses que, sen dúbida, están a servir de referente á canteira ourensá deste club”*.

En virtude do acordo asinado recentemente entre **R** e o COB, a **imaxe de marca do operador galego**, ademais de estar presente na web, redes sociais, cartellaría e outros soportes do club, coarase nos partidos do equipo, e o logo de **R** iluminarase nos paneis dixitais que habitualmente rodean as canchas de baloncesto.

Ademais, o convenio de patrocinio recolle que, antes do inicio dos partidos que o COB dispute durante a tempada 2021-2022, desenvolverase a acción *“Os 5 de R”*, consistente en comunicar en redes sociais quen serán os cinco titulares do partido antes do comezo do encontro. Un xeito definitivo de pór en escena ese camiño compartido que retoman outro ano máis o COB e o operador galego.

Sobre o Club Baloncesto Ourense

O COB, (Hereda COB por motivos publicitarios) é un club de baloncesto fundado no ano 1978, aínda que, nos seus inicios, a denominación era Club Bosco Salesianos. Tras uns primeiros anos na terceira división, o club ascende á segunda categoría na tempada 83/84. Tras catro tempadas construíndo o proxecto para dar o salto á ACB, o ansiado ascenso conséguese na campaña 88/89, manténdose na mellor liga de baloncesto de Europa ata o ano 1998, cando o equipo cae á liga LEB. O seguinte ascenso chegaría na tempada 99/00, sendo esta a última vez que o equipo disputa a liga ACB. Dende aquela, o club disputou a liga LEB Ouro e a LEB Prata (categoría actual) co obxectivo e a ambición de regresar canto antes ás ligas superiores do baloncesto nacional.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego, que na actualidade presta servizo a arredor de 260.000 clientes/as entre residenciais e empresas, atópase na actualidade en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura para todos/as os/as seus clientes/as. Todos/as eles/as disporán este ano da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións. (**R.gal**).

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal